

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A RÉGION ACADÉMIQUE GRAND EST (FRANCIA) E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA (ESPAÑA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Région Académique Grand Est (Francia), o instrumento convencional arriba referido.

Que mediante o instrumento convencional que se presenta, trátase de establecer os termos de colaboración entre as dúas Administracións educativas que fomentarán accións vinculadas á implementación da nova Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras - Edulingüe 2030.

Que o convenio permanecerá vixente durante tres anos a partir da data da súa sinatura e renovarase de forma expresa, salvo que sexa denunciado por unha das partes con tres meses de antelación ao seu vencemento e sempre respectando os compromisos adquiridos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no establecido no Preámbulo da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOMLOE) que recoñece, segundo o establecido na Agenda 2030, a importancia de incardinar nos plans e programas educativos a educación para a cidadanía mundial incluíndo a comprensión internacional e a educación intercultural e de dar resposta á necesidade dun sistema educativo moderno, máis aberto, menos ríxido, multilingüe e cosmopolita. Asemade continuase adquirindo un compromiso decidido cos obxectivos educativos da Unión Europea que fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciable para a construción dun proxecto europeo. Ademais, correspóndelles ás administracións educativas procurar os recursos necesarios para garantir a creación de programas de reforzo da aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin dar dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela en data da sinatura dixital.

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educación

Judith Fernández Novoa

